



ACTA N.º 9/2012
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 25 DE SETEMBRO
DE 2012

ASUNTOS

- I.- **CUESTIÓN PREVIA**
ELECCIÓN AD PARLAMENTO DE GALICIA DO 21-10-2012: SORTEO DE COMPONENTES DAS MESAS ELECTORAIS
- II.- **PARTE RESOLUTIVA**
II.1.- **ACTA ANTERIOR**
II.2.- **MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 12/2012, MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO POR IMPORTE DE 37.952,54 €**
II.3.- **DECLARACIÓN DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS**
II.4.- **PRESTACIÓN ASISTENCIA SANITARIA AOS "FUNCIONARIOS INTEGRADOS" E BENEFICIARIOS DOS MESMOS A TRAVÉS DA SEGURIDADE SOCIAL**
II.5.- **PRESTACIÓN ECONÓMICA NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO**
II.6.- **RENUNCIA DO ACORDO REGULADOR E CONVENIO COLECTIVO DAS CONDICIÓNIS DE TRABALLO DO PERSOAL DO CONCELLO**
II.7.- **MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A NOVA LEI DE AUGAS DE GALICIA**
II.8.- **MOCIÓN DO CONCELLEIRO D. XAVIER RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, DO GRUPO MIXTO, SOBRE O PODER ADQUISITIVO DAS EMPREGADAS E EMPREGADOS PÚBLICOS MUNICIPAIS**
II.9.- **MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA E DO CONCELLEIRO O. XAVIER RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, DO GRUPO MIXTO, SOBRE O CENTRO DE SAÚDE DE PANXÓN**
II.10.- **MELLORAS NA ETAP DE NIGRÁN**
- III.- **CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**
III.1.- **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**
III.2.- **ROGOS E PREGUNTAS**

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

Concelleiros/as:

- PP:

- D. Ignacio Vilas González
- D. Alberto García Pazos
- D.ª Liliana Silva Pequeño
- D.ª Ana Rosa Costas Abalde
- D. José Álvarez Valverde
- D.ª M.ª Carmen Alonso Macías Jorrelto
- D.ª Rosa Rodríguez Rodríguez
- D.ª M.ª José Pino Fernández

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez
- D.ª M.ª Dolores Araujo Duarte
- D.ª M.ª Dolores Martínez Losada
- D.ª Rosa Manuela Vilán Costas
- D. Rubén Rial Sánchez
- D. Manuel Doidán Costas

- MIXTO:

- D. Xavier Rodríguez Fernández
- D. Antonio Fernández Comesaña

Interventor: D. Modesto Solla Sanz

Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez.

Funcionario colaborador proceso informático: D. Manuel Fernández Comesaña

Outros datos da sesión:

- *Data:* Martes, 25 de setembro de 2012.
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria, ao adiantarse a que correspondía celebrar o día 27, co fin de poder incluír na mesma o sorteo de membros das Mesas Electorais.
- *Convocatoria:* primeira.
- *Hora de comezo:* 10:02
- *Hora de remate:* 13:59
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17
- *Membros non asistentes:* Ningún

Incidencias:

a) Alteracións no quórum de asistencia:

- *Concelleiros que abandonan a sesión, e momento en que o fan:* D.ª Rosa Manuela Vilán Costas, durante o debate do punto de rogos e preguntas.

b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen, respecto dos que se adoptaron os acordos que se fan constar:

1.- CUESTIÓN PREVIA

ELECCIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA DO 21-10-2012: SORTEO DE COMPONENTES DAS MESAS ELECTORAIS

Realízase o sorteo mediante a utilización do programa "Conoce" facilitado pola Oficina do Censo Electoral. A continuación o funcionario Sr. Fernández Comesaña, encargado do proceso informático, procede á lectura pública dos resultados, que, tamén se imprimen e se incorporan ao expediente da sesión.

II.- PARTE RESOLUTIVA

II.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 26 de xullo de 2012.
26 de xullo de 2012

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

Votación e acordo. Somelida á votación a acta da sesión do 26 de xullo de 2012 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

II.2.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 12/2012, MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO POR IMPORTE DE 37.662,54 €

A Comisión Informativa de Especial de Contas, con data 19 de setembro de 2012, informa favorablemente o expediente da modificación de crédito núm. 12/12 mediante crédito extraordinario por importe de 37.662,54 euros, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Tendo en conta o importe total das cotas de urbanización correspondentes ao Concello de Nigrán no SAU-7 (75.325,09 euros); e sen prexuízo do resultado da liquidación definitiva de ingresos e gastos da urbanización do citado SAU-7, pendente de realizar pola Xunta de Compensación.

Tendo en conta que no ano 2011 o Concello de Nigrán pagou 37.662,55 euros á Xunta de Compensación do SAU-7; pago correspondente ao 50 por 100 das cotas de urbanización antes citadas.

Tendo en conta que o Concello de Nigrán ten pendentes de pago 37.662,54 euros á Xunta de Compensación do SAU-7 en concepto do 50 por 100 das cotas de urbanización correspondentes ao Concello, sen prexuízo do resultado da liquidación definitiva de ingresos e gastos da urbanización do citado SAU-7.

Tendo en conta a necesidade de contar con crédito orzamentario adecuado, dispoñible e en contía suficiente para a contabilización e pago do 50 por 100 restante das cotas de urbanización do SAU-7 correspondentes a este Concello.

Tendo en conta que no estado de gastos do orzamento xeral deste Concello para o ano 2012 carécese de crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente destinado ás cotas de urbanización correspondentes ao Concello de Nigrán no SAU-7, sen prexuízo do resultado da liquidación definitiva de ingresos e gastos da urbanización do citado SAU-7.

Visto o establecido no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e nos artigos 35 e 37 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, así como na base de execución 6ª do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2012.

Esta Alcaldía propónlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar o expediente administrativo de modificación de crédito 12/12 mediante créditos extraordinarios por importe de 37.662,54 euros no orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2012; o importe citado destinarase integramente ás cotas de urbanización do SAU-7 correspondentes ao Concello de Nigrán, financiándose o expediente mediante baixas de crédito, por importe de 37.662,54 euros das seguintes aplicacións orzamentarias e contías do estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2012:

<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Euros</i>
1215062701	15.000,00
1216562300	10.000,00
1292062700	12.662,54

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Alberto García Pazos, concelleiro delegado: Explica os motivos da proposta, relacionados cunha resolución xudicial referida a obrigas económicas do Concello no SAU 7. Preténdese completar a achega municipal, saldándose a débeda, sen prexuízo de actuar fronte aos que aínda teñen débedas coa xunta de compensación.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Estamos pagando os erros do pasado. O Concello vendeu o seu aproveitamento sen trasladar aos compradores os gastos de urbanización. Agora hai que financiarse reducindo partidas do orzamento vixente. Apoiarán a proposta, sen prexuízo do sinalado.

Sr. García Pazos: Houbo outras urbanizacións nas que non se trasladaron os gastos aos compradores das parcelas municipais.

Sr. Alcalde-Presidente: Le a parte dispositiva da proposta.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PP, PSOE e o Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1, Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta dilaminada pola Comisión Informativa.

II.3.- DECLARACIÓN DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS

A Comisión Informativa de Especial de Contas, con data 19 de setembro de 2012, previa declaración de urxencia, ditamina favorablemente a proposta da Alcaldía de:

Declarar non dispoñibles os créditos resultantes da redución das retribucións anuais do



exercicio 2012 do persoal ao servizo do Concello de Nigrán no importe correspondente á paga extraordinaria a percibir no mes de decembro.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Alberto García Pazos, concelleiro delegado: Trátase de darlle o destino que corresponde aos fondos xerados pola supresión da paga extra de Nadal aos empregados, en función dos criterios fixados pola Administración do Estado. Pídelle opinión ao Interventor.

Sr. Interventor: O Concello xa fixo a retención de crédito e agora propónse a non dispoñibilidade, o que traslada a competencia ao Pleno. Refírese unicamente á paga extra. Non procede compensar a paga extra mediante outras retribucións por constituir fraude de lei.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: A cuestión é a que se destina o aforro producido. Isto xera determinadas dúbidas. No caso desta proposta o Pleno actúa razoablemente adoptando este acordo. Non ten obxeccións.

Sr. Alcalde-Presidente: Trátase de seguir o criterio fixado polo Ministerio de Facenda. Á espera do destino que proceda.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PP, PSOE e o Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1; Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

II.4.- PRESTACIÓN ASISTENCIA SANITARIA AOS "FUNCIONARIOS INTEGRADOS" E BENEFICIARIOS DOS MESMOS A TRAVÉS DA SEGURIDADE SOCIAL

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 20 de setembro de 2012 acordou dictaminar favorablemente a seguinte proposta da concellería de persoal:

"O Real Decreto 480/1993, de 2 de abril, por el que se integra en el régimen de la Seguridad Social a los funcionarios de la Administración Local (BOE núm. 80 de 03/04/1993 (RDISS)), establece en su Disposición Transitoria Quinta a posibilidade de que as Corporacións Locais continuarán prestando a asistencia sanitaria dos devanditos funcionarios ("funcionarios integrados") a través de concertos con entidades privadas, se así o acordaba o Pleno da Corporación previa consulta coas Organizacións Sindicais máis representativas do Concello. A prestación citada outorgábase coa extensión prevista no Réxime Xeral da Seguridade Social. Considerado o establecido no acordo do Pleno da Corporación Municipal de data 29 de abril de 1993, este Concello exerceu aquela facultade, de xeito que nesta data ten subscrita unha póliza coa entidade ADESLAS para a prestación do citado servizo.

Considerando o exposto polo Interventor Xeral do Concello de Nigrán mediante informe de data 18/07/2012 (RP.- T 73/12), no que establece que "... O Concello Pleno debería acordar, de

inmediato e sen demora, prestar a asistencia sanitaria dos actualmente 22 "Funcionarios integrados" (así como dos actualmente 17 familiares beneficiarios dos mesmos) ao través da Seguridade Social, incluíndo plenamente na mesma aos 22 funcionarios citados ao abeiro do establecido no RDISS" tendo en conta que "... dita prestación ao través de unha empresa e non ao través da Seguridade Social conleva:

- Asumir e pagar polo Concello de Nigrán os gastos da asistencia sanitaria a través dunha empresa privada ("ADESLAS, S.A.") de (actualmente) 22 "funcionarios integrados" así como de todos os seus familiares beneficiarios (actualmente 17), gastos que no ano 2010 foron de 31558,56 euros, no ano 2011 de 32096,16 euros. Gastos prescindibles para o Concello de prestarse a asistencia sanitaria das 39 persoas citadas a través da Seguridade Social.
- Asumir e pagar polo Concello de Nigrán os gastos da prestación farmacéutica ambulatoria nas porcentaxes non cubertas polos 22 "funcionarios integrados" así como de dos seus 17 familiares beneficiarios (gastos que no ano 2010 foron de 8103,58 euros; e que no ano 2011 foron de 8462,97 euros). Gastos prescindibles para o Concello de prestarse a asistencia sanitaria das 39 persoas citadas a través da Seguridade Social.
- Asumir e pagar polo Concello de Nigrán todos os importes correspondentes ás prestacións económicas dos funcionarios citados nos supostos de incapacidade temporal (IT); importes que non pagaría íntegra e unicamente o Concello de Nigrán de prestarse asistencia sanitaria dos funcionarios citados (e dos seus familiares beneficiarios) ao través da Seguridade Social...
- Desigualdades e agravios comparativos entre o persoal municipal derivados do mantemento de funcionarios integrados plenamente na Seguridade Social (ao igual que todo o persoal laboral) e funcionarios (actualmente 22) non integrados na mesma a efectos de asistencia sanitaria e farmacéutica.
- Non poder acceder ao control e seguemento das situacións de IT (de ningún dos actualmente 22 "Funcionarios integrados") pola inspección médica nen pola mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.
- Non aplicar idénticos criterios, procedementos, protocolos e modelos para as situacións de IT dos 22 "Funcionarios integrados", para as confirmacións das mesmas, e para as altas, que os aplicados para o resto do persoal municipal (demais funcionarios e todo o persoal laboral).
- Non prescribir (como é legalmente preceptivo de conformidade co establecido no artigo 85 da Lei 29/2006, de 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios;. .) os medicamentos, a 22 "Funcionarios integrados" e a 17 familiares dos mesmos, por principio activo (como norma xeral) e non (excepcionalmente) por denominación comercial.
- Non aplicar (a 22 "Funcionarios integrados" e a 17 familiares beneficiarios) a prescripción electrónica común e interoperable que incorpore subsistemas de apoio á prescripción no "Sistema Nacional de Saúde" (artigo 85 bis da citada Lei 29/2006, de 26 de xullo, antes citada) e que recollan a información correspondente aos prezos seleccionados vía aportación reducida " De modo que el médico pueda tomar en consideración el impacto económico durante la prescripción de medicamentos y productos sanitarios".
- Non incluír nos informes de prescripción e terapéutica para o paciente (de 22 "Funcionarios integrados" e a 17 familiares beneficiarios) a "Información sobre el coste del tratamiento, con diferenciación del porcentaje asumido por el Sistema Nacional de Salud" (apartado 6 do artigo 5 do Real Decreto 1718/2010, de 17 de decembro, sobre



receta médica e ordes de dispensación).

- Complicar e encarecer a tramitación municipal dos gastos e pagos que legalmente procedan a cargo do Concello de Nigrán para os 22 "Funcionarios Integrados" pola porcentaxe municipal de prestación farmacéutica aos mesmos e aos seus familiares beneficiarios.

- Non aplicar a austeridade e racionalización do gasto público sanitario indicada, entre outras normas, no apartado V do preámbulo do RDMUSNS (Real Decreto Lei 16/2012 do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sostenibilidade do sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións (BOE núm. 98 do 24/04/2012).

- Quebrantos económicos ao Concello de Nigrán; quebrantos que foron de 42107,54 euros en 2010 e de 61343,76 euros en 2011:

Ano	Asistencia sanitaria	Asistencia farmacéutica	IT (1)	Total	Coefficiente reductor	Diferencia
2010	31.558,58€	8.103,58€	24.815,09€	64.477,23€	22.369,69€	-42.107,54€
2011	32.096,16€	8.462,97€	40.767,82€	81.326,95€	19.983,19€	-61.343,76€

(1) Importes pagados en concepto de IT polo Concello de Nigrán e que corresponde/a pagar integramente á Seguridade Social de prestar esta a asistencia sanitaria aos (actualmente) 22 "Funcionarios integrados"; dos importes citados están, pois, descontadas as contias que, en todo caso, corresponde pagar polo Concello de Nigrán en situacións de IT dos (actualmente) 22 "Funcionarios integrados".

E visto tamén que con data de 07/09/2012 este equipo de goberno mantivo unha reunión coa Xunta de Persoal e o Comité de Empresa do Concello de Nigrán no que se lles comunica a intención de presentar ao Concello Pleno proposta para acordar a prestación sanitaria dos "funcionarios integrados" a través da Seguridade Social incluíndo plenamente na mesma aos (actualmente) 22 funcionarios citados.

Esta Concellería, tendo en conta o anteriormente exposto, propón:

Acordar prestar a asistencia sanitaria dos actualmente 22 "Funcionarios integrados" (así como dos actualmente 17 familiares beneficiarios dos mesmos) ao través da Seguridade Social, incluíndo plenamente na mesma aos 22 funcionarios citados ao abeiro do establecido no Real Decreto 480/1993, de 2 de abril, por el que se integra en el régimen de la Seguridad Social a los funcionarios de la Administración Local (BOE núm. 80 de 03/04/1993)."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D.ª Ana Rosa Costas Abalde, concelleira delegada: Explica a proposta e como repercute economicamente no Concello o actual sistema, comparando co da Seguridade Social, no tocante á asistencia sanitaria e farmacéutica. Dálle lectura á parte dispositiva da proposta.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: As propostas eficientes, como pode ser esta, están dispostos a apoialas. O sistema da Seguridade Social é idóneo para isto. Estes funcionarios non representan o problema económico de Nigrán.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Foi o Concello o que coa abstención do representante da UNEN, na que se integraba o BNG, acordou aquela integración en 1993. Van ser coherentes coa aquela postura e votarán a favor. Non apoian situacións de agravios entre empregados públicos, sobre todo se supoñen quebranto económico para o Concello. Votarán a favor.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Vaise abster pola súa condición de funcionario, en excedencia, deste Concello. Tamén o fará nos dous puntos seguintes. Recorda que foi unha opción que daba a norma correspondente. O Concello tamén abonaba mentos á Seguridade Social. Aquelas circunstancias foron cambiando e cada vez parece máis razoable homoxeneizar a prestación a todo o persoal.

Sr. Alcalde-Presidente: A situación deriva dunha posibilidade que daba a lei. Agora trátase de conseguir un aforo duns 60.000 euros, sen rebaixa de dereitos, e acadando unha equiparación cos demais empregados. Le a parte dispositiva da proposta.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PP, PSOE e o Sr. Rodríguez Fernández do grupo Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

III.5.- PRESTACIÓN ECONÓMICA NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL AO SERVICIO DO CONCELLO

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 20 de setembro de 2012 acordou diclaminar favorablemente a seguinte proposta da concellería de persoal:

"O artigo 60 do Acordo Regulador das Condicións de Traballo dos/as empregados/as públicos persoal funcionario e do Convenio Convenio Colectivo das condicións de traballo dos/as empregados/as públicos persoal laboral do Concello de Nigrán (BOP nº 181 do 18/09/2009) regula o réxime de retribucións en procesos de baixa por enfermidade ou accidente.

Visto o establecido no Real Decreto- Ley 20/2012, de 13 de julio, de medidas para garantizar la estabilidad presupuestaria y de fomento de la competitividad publicado no BOE núm. 168 de 14/07/2012 así como na corrección de erros do mesmo publicada no BOE num. 172 de 19/07/2012, concretamente no que se refire a " Prestación económica en la situación de incapacidad temporal del personal al servicio de las Administraciones Públicas, organismo y entidades dependientes y órganos constitucionales" (artigo 9), reúnese a Mesa Xeral de Negociación do Concello de Nigrán con data de 07/09/2012 acordando por unanimidade o seguinte:

"... Complementar as prestacións que reciba o persoal funcionario e o persoal laboral do Concello de Nigrán en cumprimento do establecido no artigo 9 do Real Decreto Ley 20/2012, de 13 de julio, da forma seguinte:



1º.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de contingencias comúns, durante os tres primeiros días, se acorda aplicar un complemento retributivo do 50% das retribucións que se viñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade. Dito complemento será obxecto de revisión anual.

Dende o día cuarto ata o vixésimo, ámbolos dous inclusive, se acorda aplicar á prestación recoñecida pola Seguridade Social un complemento retributivo á prestación recoñecida pola Seguridade Social ata alcanzar o 75% das retribucións que viñan correspondendo a dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade. A partir do día vixésimo primeiro, inclusive, acordase aplicar unha prestación equivalente ao 100% das retribucións que viñan correspondendo a dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

2º.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de contingencias profesionais, a prestación recoñecida pola Seguridade Social será completada dende o primeiro día, ata alcanzar o 100% das retribucións que viñan correspondendo a dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

3º.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de contingencias comúns, se lles recoñecerá dende o inicio da IT, un complemento retributivo do 100% das retribucións que se viñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade, incluídos todos os conceptos nas seguintes situacións:

- Hospitalización
- Intervención quirúrxica
- IT producida polo embarazo
- Risco no embarazo
- Maternidade
- Paternidade
- Risco perante a lactancia natural
- Accidente grave o moi grave
- IT sen hospitalización provocada por enfermidades crónicas, dexenerativas, irreversíbeis e/ou incurabeis.
- IT sen hospitalización pero que requira tratamento ou terapia hospitalaria por enfermidades crónicas, dexenerativas, irreversíbeis e/ou incurabeis (como por exemplo a diálise)
- IT por enfermidade relacionada por discapacidades recoñecidas cun grado do 33% ou superior
- Procesos oncolóxicos
- Períodos de recuperación ou postoperatorios e recalda dos mesmos.

Acordase que a condición de enfermidade crónica, dexenerativa, irreversíbel e/ou incurabel, así como a relacionada por discapacidade recoñecida cun grado do 33% ou superior, deberá acompañarse mediante Informe médico ou calquera tipo de forma documental aportada polo traballador/a afectado/a que permita comprobar que queda encadrada nos casos excepcionais anteriormente citados...

Esta Concellería, tendo en conta o anteriormente exposto, propón:

PRIMEIRO.- Levantar os reparos formulados polo Sr. Interventor no seu informe de data 20 de setembro de 2012 Ref T84/12.

SEGUNDO.- Complementar as prestacións que reciba o persoal funcionario e o persoal laboral do Concello de Nigrán en cumprimento do establecido no artigo 9 do Real Decreto- Ley 20/2012, de 13 de julio, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade publicado no BOE núm. 168 de 14/07/2012 así como na corrección de erros do mesmo publicada no BOE núm. 172 de 19/07/2012, segundo o acordado na Mesa Xeral de Negociación do Concello de Nigrán celebrada o día 07/09/2012.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D^a. Ana Rosa Costas Abalde, concelleira delegada: Expón a proposta.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: Parécelles ben que se negocie cos traballadores a diminución do rigor da lei aprobada polo PP.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Valora favorablemente a proposta e o apoio que obtivo dos representantes de persoal. Non sempre os traballadores públicos teñen unha situación privilexiada. Empeza a haber convenios privados máis favorables.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Aquí parece que se trata de incrementar o gasto. Mellóranse as condicións básicas do réxime xeral. Hai que evitar incentivar as baixas. O informe do Interventor ten reparos de legalidade. A Mesa de negociación non garante a legalidade. Non hai coherencia coa postura do punto anterior.

Sra. Costas Abalde: Refírese ás peculiaridades de determinados permisos como os de paternidade e maternidade.

Sr. Alcalde-Presidente: Non hai ilegalidade en acollerse ao marco normativo, que permite a existencia de casos nos que se sufrague o 100%.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar.

- Votos a favor: 16; PP, PSOE e o Sr. Rodríguez Fernández do grupo Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1; Sr. Fernández Comesaña. do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

II.6.- DENUNCIA DO ACORDO REGULADOR E CONVENIO COLECTIVO DAS CONDICIÓNS DE TRABAJO DO PERSOAL DO CONCELLO

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 20 de setembro de 2012 acordou dictaminar favorablemente a seguinte proposta da concelleira de persoal:

"Vistas as medidas adoptadas de contención de gastos de persoal das Administracións Públicas, a adoptar de maneira conxunta para ofrecer un cambio estrutural e coherente que permita contemplado na súa totalidade a satisfacción dos obxectivos de austeridade e



eficiencia nas mesmas, na normativa aprobada nos últimos anos, e máis recentemente polo Real Decreto- Ley 20/2011, de 30 de diciembre, de medidas urgentes en materia presupuestaria, tributaria y financiera para la corrección del déficit público (BOE nº 315 do 31 de decembro), que foi obxecto dunha corrección de erros (BOE nº 8 do 10 de xaneiro de 2012) e convalidado posteriormente por Acordo das Cortes Xerais do Estado (BOE nº 14 do 17 de xaneiro de 2012), así como polo Real Decreto- Ley 20/2012, de 13 de julio, de medidas para garantizar la estabilidad presupuestaria y de fomento de la competitividad (BOE nº 168 do 14 de xullo) e posterior corrección de erros (BOE Nº 172 do 19 de xullo).

Medidas que nalgún dos casos afectan aos acordos, pactos e convenios para o personal do sector do público (polo que se refire á nosa administración ao Acordo regulador e Convenio Colectivo das condicións de traballo dos/as empregados/as públicos persoal funcionario e persoal laboral do Concello de Nigrán publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 181 con data de 18/09/2009) chegando incluso á suspensión dalgún dos extremos recollidos neles, tal e como establece de forma xeral no artigo 16 do Real Decreto- Ley 20/2012, de 13 de julio, de medidas para garantizar la estabilidad presupuestaria y de fomento de la competitividad ao dispor que: "... Se suspenden y quedan sin efecto los acuerdos, pactos y convenios para el personal del sector público definido en el artículo 22 de la Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos generales del Estado, suscritos por las Administraciones públicas y sus organismos y entidades que contengan cláusulas que se opongan a lo dispuesto en el presente título" (Título I), e de forma particular ao longo do seu articulado (como por exemplo no artigo 9.7 en relación á prestación económica na situación de incapacidade temporal, etc).

Considerando tamén o indicado polo Interventor Xeral do Concello de Nigrán en reiterados informes nos que pon de manifesto que a aplicación do establecido no citado Acordo regulador e Convenio Colectivo das condicións de traballo do persoal funcionario e laboral do Concello de Nigrán nalgúns aspectos conleva unha aplicación "... contraria á lexislación vixente...".

E tendo en conta que este equipo de goberno en reiteradas reunións coa Xunta de Persoal e o Comité de Empresa, Comisión Paritaria Mixta e Mesa de Negociación do Concello de Nigrán, con ocasión do tratamento de aspectos recollidos nas ordes do día correspondentes, comunicalles aos representantes dos traballadores deste Concello a intención denunciar o actual Acordo regulador e Convenio Colectivo das condicións de traballo dos/as empregados/as públicos persoal funcionario e persoal laboral do Concello de Nigrán.

Esta Concellería, tendo en conta o anteriormente exposto, propón:

Denunciar de conformidade coa cláusula adicional segunda do Acordo regulador das condicións de traballo dos/as empregados/as públicos persoal funcionario do Concello de Nigrán e do Convenio Colectivo das condicións de traballo dos/as empregados/as públicos persoal laboral do Concello de Nigrán (publicados no BOP nº 181 con data de 18/09/2009) os mesmos, nos termos do artigo 86 do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións aplicables

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D^a. Ana Rosa Costas Abalde, concelleira delegada: Explica a proposta. Recorda que o convenio foi aprobado no mandato do PSOE, que xa quixo denunciálo no seu día, pero sen ter a maioría para facelo. Xustifica a necesidade de adoptar esta decisión. O equipo de

gobierno comprométese a abrir un procedemento de negociación para un novo convenio. Le a parte dispositiva da proposta.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: Cando as propostas son razoables van apoialas. Píden que busquen o máximo consenso para acadar un novo convenio. Ofrecen a súa colaboración.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Vaise abster. Pode haber partes obsoletas do convenio, pero non sabe a onde quere ir o goberno.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Movémonos en contradicións permanentes. As negociacións deste tipo sempre son moi complexas. Non se sabe que pasos se van dar para acadar un novo convenio. O Pleno xa rexeitara no seu momento a denuncia. Agora dánse as circunstancias para certos axustes, pero abordar todas as cuestións de golpe vai ser moi complicado.

Sra. Costas Abalde: Se o convenio non se cumpre non serve. Pensa que é posible ter un novo antes de final de ano.

Sr. Alcalde-Presidente: O convenio lévase incumprindo desde o primeiro momento. O que se pretende é buscar un marco legal e estable que se cumpra. É difícil, pero hai vontade de sacalo adiante, tratar de simplificalo e axustarse á legalidade.

Sr. Fernández Comesaña: Estase xogando ao populismo. O marco normativo está na lei. Non se pode traspasar ese límite. Non cre que consigan facelo nesta lexislatura.

Sr. Alcalde-Presidente: Asíumese a responsabilidade de acadar un marco normativo axeitado dentro das posibilidades do Concello.

Sra. Costas Abalde: Hai que evitar negociar a parte que xa está regradada.

Sr. Alcalde-Presidente: Invítase aos grupos a participar neste proceso.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PP e PSOE.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 2; grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acordou aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

11.7.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A NOVA LEI DE AUGAS DE GALICIA

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 20 de setembro de 2012 acordou dicliaminar desfavorablemente a seguinte moción do Grupo Socialista:

"O DOG do 22 de xuño do presente ano publica o Decreto polo que se desenvolve a nova Lei de Augas de Galicia e que aplican o canón da auga e o coeficiente de vertedura, un



novo imposto e unha nova taxa que pasan a substituír ao vixente Canon de Saneamento, incorporando ao pagamento a novas persoas usuarias da auga en Galicia.

Este Decreto e a Lei que o ampara esquecen as especificidades de Galicia, a nosa relación cultural coa auga e os usos da mesma e a xestión que durante décadas se ven facendo da auga por parte de milleiros de cidadáns que viven no rural de Galicia, as traidas veciñais que co seu esforzo manteñen unha rede de abastecemento nas aldeas do rural en substitución dunha administración que non se ocupou nin preocupou por garantir o acceso á auga de calidade do conxunto da cidadanía de Galicia.

A oportunidade de elaborar un novo ordenamento xurídico sobre a auga é desaproveitada polo actual goberno de Galicia para regular e ordenar a confusa e diversa fiscalidade sobre este recurso natural. Non houbo nin hai vontade política por parte do goberno de Galicia para establecer un diálogo con outras administracións tanto a local como a estatal para establecer unha fiscalidade progresiva e equitativa, onde toda a cidadanía que teña acceso á auga pague o mesmo en todos os territorios, independentemente de si a conca que os regula pertence á Comunidade Autónoma de Galicia ou ao Goberno de España.

O texto legal xa vixente obvia moitos dos aspectos da lexislación existente que ten a obriga de incorporar como a Directiva Marco da Auga e a lexislación estatal, entre outros non contempla:

- A utilización sostible dos recursos hídricos
- A necesidade de protección e mellora dos sistemas acuáticos.
- A protección do recurso auga
- A prevención e redución da contaminación e en xeral a protección do medio ambiente.
- Tampouco se regulan só se fan leves referencias as situacións de enchentes ou secas nin a necesidade de levar a cabo tarefas preventivas nestes campos, sobor de todo tendo en conta as graves inundacións que partes do territorio galego teñen sufrido nos últimos anos así como a aparición de casos puntuais de seca que se teñen dado e eran impensables anos atrás en Galicia.
- Non se fai referencia ás zonas inundables nin as zonas protexidas
- Falta unha regulación relativa ó rego, onde se garanta unha xestión eficiente e sostible do mesmo.
- Tampouco están contempladas previsións en materia de augas subterráneas nin a reutilización do recurso.

A auga é un recurso natural imprescindible para a vida, o desenvolvemento humano e para o mantemento dos ecosistemas. Un recurso con valor económico, social e ambiental. Económico como recurso "escaso" que pode servir para xerar riqueza a través dos seus diferentes usos e aplicacións. Social, como recurso imprescindible para a vida humana e o desenvolvemento das poboacións e Ambiental como recurso natural, xa que a calidade da auga inflúe directamente na situación, evolución e conservación dos ecosistemas naturais.

Garantir o cumprimento da Directiva Marco da Auga implica asumir esta concepción do recurso e, en particular, garantir a sostibilidade ambiental, a eficiencia de todos os usos da auga, a racionalidade económica e a participación pública (nos termos establecidos na DMA e na demais lexislación vixente).

Pola contra a nova Lei de Augas de Galicia e o Decreto que a desenvolve non asumen

o novo modelo de xestión da DMA, que implica o recoñecemento dun recurso "limitado", cuxa xestión se basea na demanda, mellorando a eficiencia do uso dos recursos hídricos, reducindo o consumo e incentivando o aforro da auga.

A Lei de Augas atende a fórmulas e criterios da xestión da oferta e basease nunha política de infraestruturas e recadatoria para sufragar esas infraestruturas. Só se preocupa de maneira destacada da creación do ente Augas de Galicia e dos aspectos recadatorios.

Esta lei en definitiva, só ten un obxectivo contrastado: recadar máis, subir o prezo da auga para o conxunto da cidadanía.

A aparición deste novo canon da auga suporá nalgún dos tramos incrementos do 141% respecto do prezo actual. Noutros o prezo da auga en Galicia se equipara ao prezo de auga de desaladora no Levante de España.

Este canon se establece ademais sen contar cos gobernos locais, co total desacordo dos concellos que terán que aplicar despois este canon ao conxunto da cidadanía. Pretende cercenar a autonomía local e as competencias que teñen asumidas os concellos.

O CES di no ditame que fai sobre esta lei, e polo tanto aplicable ao seu desenvolvemento regulamentario ca novo Decreto, respecto do novo "canon da auga" en termos literais: " ...Compre unha reflexión sobre a oportunidade de incrementar a presión impositiva sobre a cidadanía, familias e empresas, na conxuntura actual de crise económica

Os concellos a través da FEGAMP chegan incluso a nomear a esta lei, nalgunha das reflexións conxuntas feitas como a "Lei de ordenación tributaria e administrativa dos servizos de saneamento e abastecemento".

A pesarés desta reflexión e do desacordo dos concellos o Goberno empeñouse en aprobar unha nova Lei de Augas de Galicia moi rexeitado socialmente e no mundo local e co que se pretendían establecer velhas receitas como novas.

Unha nova Lei que sen habela aplicado xa foi modificada polo mesmo goberno que a promoveu na Lei de Acompañamento dos orzamentos para 2012 e que tarda o goberno Feijoo ano e medio en desenvolver a través deste decreto publicado agora e para ser vixente a partir do 1 de xullo.

O Decreto invade as competencias municipais, incrementa o gasto corrente dos concellos ao facelos responsables da xestión do cobro e do seu ingreso íntegro na Xunta de Galicia, independentemente de si se recada a totalidade ou non e ademais encarece a auga para as persoas usuarias de xello notorio neste momento de recesión económica, ademais de establecer a obriga de cobrarlle por vez primeira a todas aquelas persoas usuarias de traidas veciñais ou pozos particulares que están conectados á rede de saneamento.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Municipal Socialista do concello de NIGRÁN SOLICITA:

A retirada deste Decreto e a elaboración dun novo regulamento que cumpra co establecido na Directiva Marco da Auga e que sexa acordado coas corporacións locais e



demais persoas usuarias da auga en Galicia.”

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: Explica a moción, facendo fincapé no aspecto do canon que terá que pagarse en aplicación da lexislación de Augas de Galicia. Os concellos recadan para a Xunta. Nigrán está afectado ao ter unha EDAR xestionada pola Xunta. Prima a recadación sobre a defensa do medio ambiente. As taxas poden acadar o dobre ou triplo das actuais. Píden a retirada do Decreto e que se pacte unha norma coas corporacións locais. O grupo socialista, se goberna o PSOE na Xunta, volverá a presentar ao novo goberno a petición de derogación.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: O paso seguinte serán as comunidades de augas. O seu grupo xa advertiu das consecuencias. Votarán a favor da moción.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Sobre o incremento de tarifas que se di na moción, hai que ter en conta que Nigrán conseguiu que a EDAR a xestiona a Xunta, co aforo que iso supuxo. Este canon é máis vantaxoso que a xestión directa polo concello de EDAR. Temos unha tarifa da auga que invita ao gasto. Aquí temos que incidir para racionalizar o uso do servizo. Votará en contra.

Sr. Alcalde-Presidente: Estará de acordo coa revisión de tarifas vixente, para acomodalalas ao consumo real. Parece que o que quere o PSOE nas súas emendas no Parlamento é ir contra os pozos particulares, e incorporar ás redes públicas as traídas veciñais. Hai unha directiva europea que se dirixe a conservar este recurso básico. Non hai algo novo senón a substitución do anterior. Moitos veciños subministranse a través dos seus medios, e isto está contemplado na norma, así como exencións. É o segundo canon máis barato de España. O PSOE debería incluír a súa proposta no programa electoral.

Sr. Fernández Comesaña: Alégralle que se contemple o cambio de tarifas.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE e o Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto
- Votos en contra: 10; PP e o Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Abstencións Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a Moción.

II.8.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO D. XAVIER RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, DO GRUPO MIXTO, SOBRE O PODER ADQUISITIVO DAS EMPREGADAS E EMPREGADOS PÚBLICOS MUNICIPAIS

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 20 de setembro de 2012 acordou dictaminar desfavorablemente a seguinte moción do concelleiro do Grupo Mixto Xavier Rodríguez Fernández:

“As decisións adoptadas polo Goberno central en materia de política económica están

a provocar un agravamento da crise económica. A obsesión por dar unha prioridade absoluta á contención do gasto público, seguindo sen matices os ditados emanados polo FMI, o BCE ou a UE, cada vez máis pregados aos intereses do capital financeiro transnacional, ocasionan tanto unha continua perda de empregos como un empeoramento das condicións de vida das persoas que manteñen o seu emprego.

A única política definida é a de aplicar continuos recortes en dereitos económicos e sociais conquistados en favor das maiorías sociais. Esa teima antosa como este Goberno está a empregar a crise máis como un pretexto para avanzar no modelo de sociedade cada vez máis desigual que abandeira a doutrina neoliberal, cunha maior desprotección para as persoas máis desfavorecidas, e ao tempo cun reforzamento de privilexios para minoritarias elites sociais. O propio Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais da ONU vén de afirmar, respecto do Estado español, que "as medidas de austeridade están prexudicando de forma desproporcionada os grupos desfavorecidos", asegurando ademais que os axustes están a destruír o estado do benestar e provocando un aumento considerábel do número de persoas en risco de pobreza.

O último episodio desta errática política económica constitúeo o Real Decreto-Lei 20/2011, do 13 de xullo, que contén medidas destinadas á minoración retributiva e de dereitos laborais para as empregadas e os empregados públicos, á redución das prestacións por desemprego, á diminución do financiamento do sistema de axuda á dependencia, á liberalización comercial que provocará perdas ao comercio tradicional fronte ás grandes superficies comerciais. Todo iso completado cunha suba fiscal (o IVE) na imposición asociada ao consumo de xeito que se reparten linealmente as cargas contributivas no canto de acometer unha reforma fiscal progresiva sobre as grandes fortunas e patrimonios e as rendas máis altas.

A aprobación de dita norma realizouse dun xeito impropio á relevancia do seu contido. Apenas unhas semanas após de terse publicado os orzamentos xerais do Estado, e cando a maior parte das administracións públicas xa afrontan os obxectivos e a planificación do exercicio seguinte, o presidente do Goberno do Estado anunciou as medidas, sen diálogo nin consenso previo, que son aprobadas só dous días despois, sen que tampouco as persoas, entidades representativas e mesmo administracións implicadas na súa execución poidan participar en dito proceso.

Unha auténtica imposición, que no caso dos concellos socava a autonomía local, ao pretender facelos partícipes de medidas inxustas, das que moitas corporacións locais discrepan politicamente, polo que supoñen de atacar de novo dereitos consolidados de persoas traballadoras, ademais da súa inutilidade, como xa se ten demostrado.

A nova redución retributiva ás empregadas e aos empregados públicos que se plasma no Real Decreto-Lei 20/2011 imponse dun xeito unilateral, malia que esa medida xa se ten ensaiado noutros momentos dentro de actuacións económicas contra a crise, e como resultado deu precisamente o contrario do que se perseguía. Nada indica na práctica que a redución salarial sobre as persoas traballadoras, entre elas as persoas que desenvólvon o seu traballo no sector público, sexa unha medida que contribúe á reactivación económica, ao contrario, aínda resta capacidade adquisitiva á maior parte da poboación co que se resente o consumo e a actividade económica.

No caso concreto do noso concello, estamos seguros de que eliminar a paga extra ás empregadas e aos empregados da administración municipal é unha medida profundamente

inxusta e equivocada. Tamén no ámbito local, agravará aínda máis a crise pois reducir o poder de compra das empregadas e dos empregados públicos afectará moi negativamente a pequenas e medianas empresas, ao pequeno comercio, en xeral ao tecido económico deste concello.

Por iso, ante o escenario deseñado polo Goberno do Estado, inútil e errático á hora de recuperar e impulsar a economía como todos os indicadores económicos demostran, ineficaz para asegurar financiamento público e privado dadas as persistentes restricións no crédito, e pertinaz en aplicar reformas cuxo único e real obxectivo consiste en recortar dereitos económicos e sociais das maiorías sociais, é preciso adoptar un posicionamento político unívoco por parte desta Corporación Municipal en contra desa política, alén de articular as medidas que sexan necesarias para evitar a perda de poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos.

Por iso, pídeselle do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO

1. Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal ás medidas reguladas polo Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo.

2. Rexeitar a decisión de impor ás empregadas e aos empregados públicos, particularmente aos vinculados aos concellos, novas perdas de poder adquisitivo, que terán un efecto indirecto sobre o consumo no concello e no tecido económico local.

3. Compensar a perda do poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos municipais, instando á Alcaldía a que adopte as medidas necesarias para atinxir ese obxectivo."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Os recortes están prexudicando desproporcionadamente aos máis desfavorecidos. Neste contexto enmárcase a eliminación da paga extra. Trátase de expresar o rexeitamento da Corporación e de compensar a perda do poder adquisitivo derivada do recorte. É unha medida inútil, inxusta e prexudicial para os interesados e para a actividade económica. Píde que busque o Alcalde as medidas que permitan compensar a perda, que serán referendadas polo Pleno.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: A paga extra é un dereito dos traballadores, non un privilexio. A crise económica non mellorará con isto. Apoiarán a moción.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Esta proposta quedou baleira de contido co acordo de non dispoñibilidade adoptado neste Pleno. A lei hai que cumprila.

Sr. Alcalde-Presidente: Coincide en que o acordo de non dispoñibilidade condiciona isto. A situación económica determina a necesidade de adoptar moitas medidas, entre elas esta. O PSOE xa decidira rebaxarlles o soldo aos funcionarios de forma definitiva. Esta é unha medida provisional. A campaña de Nadal non depende disto, senón máis ben de cantas familias están sen recursos.

Sr. Rodríguez Fernández: Si se vai a notar esa redución nas retribucións de todos os

empregados públicos. En determinados concellos abrírase a posibilidade de facer horas extras, que se pagarán. A compensación non ten que ser en contía equivalente. Tamén se pensa en adiantar a xaneiro a paga do ano que ven. A cuestión é se hai ou non vontade política.

Sr. González Pérez: Apoian a moción do BNG. Parece que a resposta é que a culpa da situación é do PSOE.

Sr. Alcaldede-Presidenta: Non traballa con vista ao resultado electoral do 21 de outubro. Por enriba da vontade política está a legalidade. Non sabe o que farán noutros concellos pero o marco legal é o que é. Non se trata de quedar ben, se hai algunha posibilidade utilizarana, pero non en fraude de lei.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE e o Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 9; PP.
- Abstencións: 1; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a Moción.

M.9.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA E DO CONCELLEIRO D. XAVIER RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, DO GRUPO MIXTO, SOBRE O CENTRO DE SAÚDE DE PANXÓN

A) Ditame da Comisión.

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 20 de setembro de 2012 acordou dictaminar desfavorablemente a seguinte moción do Grupo Socialista e do concelleiro do Grupo Mixto Xavier Rodríguez Fernández:

“O venres, 10 de agosto de 2012 o DOG Núm. 153, ven de publicar a RESOLUCIÓN do 3 de agosto de 2012, da Dirección de Recursos Económicos, pola que se anuncia licitación, polo procedemento aberto, para a contratación da subministración enerxética prestacional e mantemento e conservación de edificios e instalacións de centros sanitarios, con inclusión de servizos de redacción de proxectos, dirección facultativa de obras e coordinación de seguridade e saúde (co financiado pola Unión Europea, a través do programa operativo Feder Galicia 2007-2013) (AB-SER3-12-005).

- Na mesma se anuncia a licitación para a contratación conxunta da redacción de proxectos, dirección de obras, mantemento e subministro enerxético de 15 novos centros de saúde, así como da ampliación das urxencias e da zona cirúrxica do Hospital do Salnés.
- Dos centros de saúde que se construírán, atopase o de Panxón (Nigrán).
- Que o proxecto construtivo sigue sen realizarse despois de tres anos, cando debería estar rematado segundo o proxecto definido e aprobado no 2009.
- Que se volve a aprobar novamente a licitación do Centro de Saúde, tal como fixo no Consello da Xunta o 14 de Outubro de 2010, sen ter vontade de realizar a súa construción, tan necesaria para poboación de referencia.



- Que o centro actual, presenta unhas carencias graves como son:
 - As barreiras arquitectónicas e a falta de espazo é manifesta.
 - Ten tres niveis sen posibilidade de instalar ascensor, o que dificulta a mobilidade dos dependentes.
 - Non é posible o acceso de cadeiras de rodas nin padiolas, e é moi complicado o acceso de coches de nenos.
 - A espera é o pasillo, sen espazo suficiente para sentarse.
 - A área administrativa e o arquivo son insuficientes.
 - Que deban cambiar o mobiliario según o uso que teña a sala en cada momento.

- Que no plan Funcional remitido, se proxecta un Centro de Saúde
 - Mais pequeno, con redución da superficie total, sobre una previsión de superficie construída de 892 m² no proxecto do ano 2009, pasase a una superficie de 770 m². En total se reducen 122 m², o 13,67% do total.
 - Redución de espazos, 1 consulta de médico Xeneral, 1 consulta de pediatría, 1 de enfermería, 1 consulta de enfermería pediátrica, 1 despacho del Xefe de Servizo da Unidade 1 sala polivalente.
 - Se reduce o incremento do persoal previsto en 1 médico xeneralista e 2 enfermeiras.

Diante dos feitos anteriormente expostos solicitamos ao Pleno da Corporación Municipal de Nigrán a adopción dos seguintes ACORDOS

1. Rexeitar a diminución do proxecto construtivo en 122m² sobre o proxectado anteriormente . que cubría as insuficiencias estruturais e dotaba dos recursos de persoal sanitario e espazo para dar cobertura as necesidades asistenciais da poboación de referencia no centro de Saúde.
2. Reclamar da Xunta de Galicia e da Consellería de Sanidade que se retire o actual proxecto máis pequeno e con menos dotación, que non vai dar cobertura as necesidades sanitarias actuais e futuras da poboación.
3. Reclamar da Xunta de Galicia e da Consellería de Sanidade a execución do Centro de Saúde aprobado e consensuado cos profesionais e forzas sociais proxectado e definido no 2009.
4. Rexeitar a forma elixida pola Xunta de Galicia para a súa construción de colaboración Público-Privada por ser máis caro e que terá que ser abonado a cargo do gasto corrente en detrimento da calidade asistencial . Que non é público por un período de 8 anos e que o fai máis ingobernable polos intereses da construtora.
5. Defender os intereses da cidadanía fronte as políticas de recorte e privatización, en lugar dos intereses empresariais da construtora. Exisimos a construción polo modelo clásico, o Sergas planifica, dirixe e abona a obra, dado que é a única forma de que este a beneficio dos intereses sanitarios da poboación de referencia e non os intereses do beneficio empresarial

B) Emenda á totalidade formulada "in voce" polo Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto:

Dado que o SERGAS incumpriu as condicións impoetas nos Plenos de 29-10-2008 e

30-3-2011, subapartado 2.2, de cesión do terreo para a construción dun centro de saúde en Panxón, que fixa o prazo dun ano para o comezo e tres para a finalización das obras, propoñe:

Revogar distos acordos por incumprimento do SEGAS e restituir a parcela ao patrimonio municipal; e que a construción se realice no emprazamento do actual entro de saúde.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: O grupo socialista traballou intensamente para acadar o obxectivo de contar con este novo centro. Agora a Xunta diminúe as expectativas e formula un proxecto reducido en superficie e dotacións. Preténdese coa moción volver á anterior iniciativa e defender a sanidade pública.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: A nova licitación supón redución de espazos e de profesionais, por iso se aspira á volta ao proxecto de 2009. Tamén falla a accesibilidade entre outras deficiencias.

D. M^a Carmen Alonso Macías Jarroto, concelleira delegada: Hai unha diminución de tarxetas sanitarias e un contexto económico distinto. Ten unha estrutura flexible para poder ir adaptándose ás novas esixencias. Pode estar rematado ao final do 2013.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Pregunta sobre o número de cartillas, porque hai xente de Panxón que vai á Xunqueira. En 2008 o PSOE trae a Pleno a cesión da parcela, o seu grupo opúxose á utilización desa parcela concreta. Pensan que a parcela do actual centro é suficiente. Seguen mantendo a súa postura. Os prazos do acordo do 2008, renováronse no 2011, e en ambos casos incumpríronse. Aínda non hai licenza. Probablemente o que falta é a vontade de construír o centro, máis alá de movementos pre-electorais. Propón emendar a moción para revocar os acordos plenarios, por incumprimento dos prazos, e recuperar a propiedade municipal.

Sr. González Pérez: Non cabe a escusa da diminución da poboación, porque non é significativa. É o mellor lugar para isto. Manteñen a moción.

Sr. Rodríguez Fernández: Imos ver no tema do PXOM, se se fala da diminución da poboación. En agosto publícase no DOG a nova licitación, esta é a razón da moción. Non sabe se hai ou non vontade de fácelo.

Sr. Fernández Comesaña: A parcela é moi boa, pero non hai por que cederla á Xunta á vista das alternativas. Aínda entendendo que o actual non serve, pide que se renegocie co SERGAS a construción do novo edificio na parcela do actual centro de saúde.

Sr. Alcalde-Presidente: É positivo que exista a posibilidade de contar cun novo centro de saúde en Panxón. O que non se pode pretender é desentenderse das circunstancias actuais. O fin xustifica a cesión da parcela. Búscase que o edificio actual cumpra no futuro outra función social. O reformado deberá aprobalo o Consello da Xunta. A licenza depende de que se adapte á normativa, así no retranqueo e no aparcamento. Non parece prudente neste momento ir á revogación dos acordos.



Sr. Fernández Comesaña: Se o Concello non dá licenza o asunto queda bloqueado. Habería que que esperar a ese reformado. Mantén a emenda.

Votación e acordo sobre a emenda á totalidade do Sr. Fernández Comesaña.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 1; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 16; PP, PSOE e o Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a emenda.

Votación e acordo sobre o asunto.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE e o Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 9; PP
- Abstencións: 1; do Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a Moción.

M.10.- MELLORAS NA ETAP DE NIGRÁN

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 20 de setembro de 2012 acordou dictaminar favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía-Presidencia:

"Segundo comunicación recibida do organismo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que tivo entrada o 29 de agosto de 2012 (n.º 10.863), no Plano Hidrolóxico de Galicia, e no período de planificación nel previsto, inclúense actuacións a realizar neste Concello correspondentes ás obras de melloras na ETAP de Nigrán -clave n.º OH 238.905- cun orzamento de execución por contrata de 1.143.802,57 Euros, I+V incluído.

De conformidade co interesado na referida comunicación e vista a documentación que a acompaña, así como os seus antecedentes, entre os que figura o documento denominado Anteproxecto de melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra), e tendo en conta as previsións do Decreto 84/1997 (DOG 24-04-1997), propónse ao Pleno a adopción dos seguintes ACCORDOS.

1º.- Resolver (ao abeiro do establecido no artigo 217.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) os reparos formulados polo Interventor Municipal no seu informe do 06-09-2012, rfa. T 79/12.

2º.- Deixar constancia de que, mediante acordo adoptado na sesión celebrada o 23 de febreiro de 2012, este pleno aprobou o documento técnico denominado Anteproxecto de melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)

3º.- Solicitar, á Dirección de Augas de Galicia, o financiamento do 100 % do custo das obras.

4º.- Comprometerse á entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras, así

como todas as autorizacións administrativas necesarias para a realización destas.

5º.-Renunciar expresamente á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

6º.- Deixar constancia de que a documentación técnica aprobada expúxose ao público durante 20 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de 13-03-2012 e no taboleiro municipal, sen que conste a presentación de alegacións.

7º.- Comprometerse a asumir a explotación, mantemento e conservación das obras, e de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

8º.- Asumir o compromiso de actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axetada ao custo das obras que se realizan, e á súa explotación e amortización (Art. 9f. do Decreto 84/1997).

O incremento de tarifas, debido o termo "amortización das instalacións construídas", calcularase tendo en conta as seguintes consideracións:

1. Considerarase como inicio do período de amortización a data da saída da comunicación na que se lle indique ao Concello que ten a obra preparada para a súa recepción.

2. O valor a amortizar será o custo final da infraestrutura de ABASTECIMENTO (incluíndo, no seu caso, modificados e liquidación das obras) que lle será comunicado ao Concello no mesmo escrito

3. O tipo de xuro, a considerar para o cálculo das anualidades que deberán repercutir nos prezos do m³, será fixo no tempo, e corresponderase co EURIBOR na data do escrito xa mencionado no parágrafo 1. O período de amortización será de 20 anos.

4. A fórmula a empregar para o cálculo das devanditas anualidades será a seguinte:

$$a = \frac{C \cdot r (1 + r)^{20}}{(1 + r)^{20} - 1}$$

Onde:

C = Custo total da obra

r = xuro

a = cantidade total a incrementar nos prezos

5 O incremento do prezo deberá ser aprobado antes do inicio da explotación da infraestrutura.

6. Da anualidade total, o 30 % ingresarase na Caixa de Augas de Galicia, e o 70 % restante aplicarase á realización de obras de infraestruturas hidráulicas a cargo do Concello.

NOTA: No caso de que o incremento do prezo da auga resultante fose moi elevado, poderase optar pola súa modulación, en función da renda relativa municipal (táboa n.º 1 do anexo), do factor corrector a aplicar ao incremento do prezo (táboa n.º 2 do anexo), e durante o tempo que



resulte (táboa n.º 3 do anexo). Xúntanse como anexo a este escrito as táboas sinaladas e un exemplo práctico de cálculo. [O anexo é o que acompaña á citada comunicación de Augas de Galicia]

9º.- Comprometerse a ingresar o trinta por cento (30 %) da anualidade, calculada de acordo coa metodoloxía sinalada, na Caixa de Augas de Galicia, ao longo dun período de vinte (20) anos, e que se destinará á reposición de infraestruturas hidráulicas ou a construción doutras novas.

10º.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para solicitar o financiamento do 100 % do orzamento das obras.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Resume a proposta. A actuación é necesaria e urgente. Trátase de resolver un problema cun financiamento total por parte de Augas de Galicia. Pide o apoio á proposta.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: A cambio do financiamento asúmense un compromiso que supón devolverlle o investimento con cargo aos veciños que o pagarán no recibo. Non van a apoiar esta proposta.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: No fundamental é o mesmo que o que xa se debateu. O relevante é quen vai pagar as obras: os veciños. E farano para que Zona Franca leve adiante o desenvolvemento de Porto do Molle.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Estamos pagando o 30% do investimento. O problema foi que no seu día se rebaixou o previsto no proxecto e non se acadaron as expectativas de depuración previstas. Dificilmente se acadan os 100 litros/segundo, e isto non é suficiente para as necesidades actuais e próximas. A Zona Franca chegou a recoñecer a necesidade de aportar o necesario para o reforzo da depuradora derivado da súa actividade, pero tal compromiso parece que opera a partir de acadar os 200 litros/seg. Agora estamos diante dun mal menor, aínda que o óptimo sería que financiase todo a Xunta. Vai dar un voto afirmativo, de confianza, polo grave problema existente.

Sr. Alcalde-Presidente: Partimos dunha mala execución e de que á Zona Franca non se lle garante o mínimo debido. Aínda así está en boa disposición. Os investimentos sempre os pagan os cidadáns. Aquí aprobábanse as tarifas. Esperemos que agora teñamos unha instalación en condicións. Nunca se conseguiron mellores condicións que estas.

Sr. González Pérez: Conseguir o financiamento do 100% ten mérito pero a cuestión é que hai que devolver o investimento. Os recibos da auga dirán cal é a repercusión. Non van a apoiar isto.

Sr. Rodríguez Fernández: A xustificación do desenvolvemento de Porto do Molle era un dos motivos desta iniciativa, e non se pode esconder que o van pagar os veciños.

Sr. Fernández Comesaña: Se o Concello de Vigo non cobrase a auga, as contas serían outras.

Sr. Alcalde-Presidente: A alternativa non sabe cal é, porque non se ofrece outra solución. Hai que facerlle fronte ao problema que existe e que require unha solución perentoria.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PP e o Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto
- Votos en contra: 7; PSOE e o Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Abstencións: Ningunha

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta dilaminada pola Comisión Informativa.

III.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

III.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía ditados entre o 3 de xullo de 2012 e o 31 de agosto de 2012, ambos incluídos.

III.2.- ROGOS E PREGUNTAS

1. *D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:*

1.1. Para toda a Corporación: aprobamos no seu día un regulamento de intervención nos Plenos, deberíamos cumprilo.

1.2. Que os rogos e preguntas non se convertan en debates.

1.3. Na Ramallosa está habendo conflitos, os sábados pola noite, eu quería preguntarlle ao Alcalde se pensa que o culpable de todo iso son eu.

Sr. Alcalde-Presidente: Espero que non.

1.4. Unha felicitación por ter aberto definitivamente as pistas das Dunas de Gaifar. ¿Xa ten licenzia de apertura?

Sr. Alcalde-Presidente: Está en trámite

1.5. ¿Están cumprindo o prego de condicións da contratación en canto a horarios, etc?.

Sr. Alcalde-Presidente: Si.

1.6. ¿Son coñecedores de que hai pistas de pádel construídas nunha zona que non estaba destinada a iso?

Sr. Alcalde-Presidente: Somos coñecedores diso e, á parte, no prego de condicións



estaba como unha das cuestións a maiores que se podía facer a pista de pádel.

1.7. No día 5 de setembro lle pedín ver o proxecto construtivo da PO-325, camiñ bici, etc. Non teño resposta. Non sei se que non o ten, ou non mo quere ensinar.

Sr. Alcalde-Presidente: Todas as peticións que fan os partidos están autorizadas, non sei si llo facilitaron ou non.

Sr. González Pérez: Pregunto se está ese proxecto, porque fai dous anos me acuseou a min de telo escondido, eu dicía que non estaba e vostede dicía que si.

Sr. Alcalde-Presidente: Si está llo daremos.

1.7. Neste verán houbo unha instalación de pistas deportivas en Panxón polas que se cobraba dous euros ás persoas por unhas pistas municipais. ¿A que partida foron eses ingresos e se non se ingresaron en que partida se van ingresar?

Sr. Alcalde-Presidente: Esa partida non existe.

Sr. González Pérez: ¿Todo iso que se cobrou a onde foi parar?

Sr. Alcalde-Presidente: É a contratación dunhas instalacións que se detrae dos ingresos que se xeran a través das actividades e o pago das instalacións se fai eliminando os ingresos que se reciben por outras vías, por exemplo o cobro para inscribirse nos campionatos.

Sr. González Pérez: Por riba de pagarlle 17.000 euros, o que cobraban iba para a empresa.

Sr. Alcalde-Presidente: Lle pasaremos copia de todo.

1.8. Hoxe sae publicado no DOG o anuncio de licitación do punto limpo. Di que obra pode ser financiada o 100% pola Xunta de Galicia. Eu quero saber si val a ser financiada o 100%. ¿Dónde é a ubicación?

Sr. Alcalde-Presidente: Nas instalacións da depuradora. O compromiso é o 100% da obra.

1.9. Este verán se abriu un local en Panxón que é unha heladería no Paseo Marítimo, ¿se fixo algunha denuncia? ¿qué se fixo ao respecto?

Sr. Alcalde-Presidente: Cando iniciaron a obra houbo varias queixas. A Policía acudiu ao local en base ás queixas, aos propietarios lles desestimaron unha licencia que tiñan, e acudindo á nova lei que se aprobou de non necesidade de pedir licencia, se fixo a declaración xurada para facer a obra e sen ningún tipo de problema.

1.10. Este verán estivo instalado no campo de fútbol de Lourido un circo e se lle fixo por parte do Concello unha fosa séptica por parte do departamento de Vías e obras e de noite corría por onde podía todo o que de alí saía. ¿Isto é certo?

Sr. Alcalde-Presidente: Non é certo.

Sr. González Pérez: Se hai fotos llas presento no próximo Pleno.

1.11. Xa leva dito en varias ocasións, pero a última vez no mes de xuño, que se comprometía a que no Pleno do mes de setembro iba a aprobación do Plan Xeral. ¿Vai facer un pleno extraordinario esta semana ou é que xa non vai no mes de setembro?

Sr. Alcalde-Presidente: Eu comprométinme a convocar o Consello Sectorial en setembro. Se pola miña vontade fora, trataríamos de ter un Plan Xeral o antes posible.

2. D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto.

2.1. Tense feito moitas veces aquí preguntas ou rogos ao respecto da Estrada pola Vía. É un asunto no que concordo con moitas que se teñen feito, por iso non incidín en ningunha máis. Nesta ocasión vou a facer dúas ao respecto:

No cruzamento que ven da carretera de Monteferro, en Bouzavella, a solución que se deu deixa claramente insatisfeitos aos veciños da zona, ata o punto que incluso presentaron no concello algún escrito coas súas demandas. Basicamente son a posibilidade de cruzamento peonil, xa que estamos falando dunha zona bastante poboada e con marquesiñas onde para o autobús a ámbolos lados. Teñen que ir a moi lonxe para cruzar a vía. Quería preguntar se fixeron algunha xestión ao respecto, se pensan facela, ou se comparten a opinión.

Sr. Alcalde-Presidente: Alí hai dúas paradas, non hai marquesiñas. Si que é certo que recibimos cuestións con este tema que compartimos ao longo de toda a vía. Hai deficiencias na sinalización cunha posible inclusión dun paso de cebra. Aí nunca houbo un paso de cebra pero neste momento consideramos que pode ser un sitio ideal para facelo. Necesita informes técnicos para facelo. Hai un montón de cuestións que lle plantexamos á Xunta e que estamos pendentes de que veña o Enxefeiro, responsable da obra, para tratalos, sobre todo o de cruzar a calzada, pasos de cebra, etc.

2.2. Antonio ten comentado varias veces como está o tema dos retranqueos en Praia América na PO-325. Eu voulee facer unha pregunta moi concreta: Agora que se están producindo os retranqueos en toda a rúa, resulta máis escandalosamente evidente o frontón que hai alí. Eu quixera preguntar tamén cal é a situación dese frontón, ¿se vai tirar?

Sr. Alcalde-Presidente: O que está no proxecto é que o frontón non vai quedar aí, hai unha negociación no tema da expropiación, como houbo con outros propietarios, que fai tempo se chegou a un acordo, logo o propietario puña unhas cuestións, se chegou a un acordo, parece ser que despois se cambiou outra vez. O frontón non vai quedar aí. Nós estamos indo máis alá e estamos tratando que outras cousas que están cerca, que se poidan resolver, porque hai construcións que non se retranquearon, hai quiebras, que nós non podemos permitir e estamos tratando de solucionar.

2.3. Houbo uns cursos da Deputación de Pontevedra aos que se acolleu Nigrán, que son: "Coidado de persoas maiores" e outro do mesmo estilo. A pregunta é a seguinte: o catálogo de cursos era amplo, había outros de distinta índole, desde temas relacionados coa hostalería a outros relacionados coa agricultura, etc. ¿Por que se escolleron eses dous de

temática practicamente igual e non se elixiu outro doutro sector?

D^a. Rosa Rodríguez Rodríguez, concelleira delegada: Se elixiron esas dúas temáticas porque habíamos pedido unha AFD orientada a coidado de persoas dependentes que non puidamos levar a cabo, polo que decidimos que esos dous cursos fosen orientados aí, porque os obradoiros de emprego que se están solicitando están dirixidos á hostalería, co cal quedaría cuberta a outra rama. Ademais as solicitudes que estaban entrando na bolsa de emprego íban dirixidas a estas dúas ramas, o coidado de persoas dependentes e maiores.

Sr. Alcalde-Presidente: De todas maneiras, vai haber obradoiros a través da Mancomunidade, relacionados con temas de hostalería.

3.- Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:

3.1. O río Negro está cheo de maleza, rogarlle que procedan á limpeza agora que empezan as chuvias.

3.2. Con respecto á Estrada pola Vía, eu no pasado Pleno de xullo xa lle plantexara a dificultade que está existindo coa liña continua ao longo de todo o trazado, con especial incidencia no cruce de Bouzavella, onde a solución que si fixo alí pedía moito máis, unha rotonda ou algo que resolvera o tráfico. Non había paso de peóns antes, pero os rapaces que veñen de arriba e que van ao colexió necesitan con toda urxencia resolver ese problema. Lle pido tamén que analicen en todo o seu percorrido todos os puntos de xiro que se prohibiron.

3.3. ¿En que situación está a RPT que foi recentemente contratada?

Sr. Alcalde-Presidente: Senón me equivoco está pendente dunha negociación.

D^a. Rosa Ana Costas Abalde, concelleira delegada: O próximo que se vai facer é unha mesa de traballo cos delegados de persoal e a continuación de que os sindicatos, Comité e Xunta de Persoal estean de acordo se levaría ao Pleno.

3.4. Recentemente se publicou no BOP un concurso para levar a xestión administrativa das multas da Policía Local. ¿En que situación se atopa o expediente e que xestións se levaron a cabo coa Deputación para descartar que esa xestión se fixera a través do ORAL?

Sr. Alcalde-Presidente: Este xoves se abrirán os sobres coas ofertas económicas. Se presentaron tres empresas, a que está actualmente e dúas máis. En relación coas condicións que establece o ORAL, consideramos que son máis beneficiosas neste momento as que tiñamos, e incluso as que plantexamos no prego de condicións, e creo que salimos beneficiados. Non é que haxa moitas diferencias, incluso falando cos técnicos municipais e cos funcionarios, desde Intervención, Tesourería, se nos plantexaba que unha cousa que funciona ben que non hai necesidade de cambiar. O ORAL establece unhas condicións máis ou menos flexibles, incluso este ano bonificando en función de cantos tributos son recadados a través deles, pero hai Concellos como o de Nigrán, que neste momento nos interesa máis permanecer con ese tipo de contrato.

Sr. Fernández Comesaña: Hai o riesgo de que a empresa que gañe o concurso non

sexa a que o está levando agora.

3.5. Quería saber se concedeu licencia nun caso moi puntual e concreto na Estrada pola Vía, consecuencia dunha actuación urbanística antes de chegar ao cruce de Rans, ali un promotor, concretamente a empresa SILCONDE, cedeu mediante escritura pública un terreo para o Concello. Curiosamente hai unha franxa que é zona verde, total uns 135 m2 mediante cesión en documento público. ¿Ten licencia o peche que se fixo nesa actuación?; de non telo ¿por que non se paralizaron no seu momento as obras antes de que se finalizaran -como están agora-, nin se precintaron?

Sr. Alcalde-Presidente: Se paralizaron no momento en que os informes xurídicos manifestaron que deberíamos paralizar. Hai unha cuestión que vostede coñece perfectamente, dunha cesión no seu día, que non se levou a Rexistro, que xenera certo problema e ao mellor unha certa responsabilidade para este Concello. Non é sinxelo o tema. Pode haber responsabilidades importantes. Hai que analizar a situación.

Sr. Fernández Comesaña: A vostede non lle debe pasar desapercibido que esa parcela soporta unha construción que se fixo con licencia do ano 1998 e a día de hoxe aínda non dispón de licencia de primeira ocupación. Foron legalizadas unha serie de ampliacións no seu día, e unha das razóns polas que se lle denegou a licencia de primeira ocupación foi porque non cumpría as condicións impostas na licencia. Posiblemente sexa un caso distinto aos outros que existen na Estrada pola Vía con motivo das obras, por iso digo que o Concello debería estar extremadamente preocupado e pendente de por un lado obrigar ao cumprimento dunha norma condicionada na licencia e por outro lado, se o propietario cede en documento público unha propiedade que a día de hoxe é municipal, aínda que faltara o rexistro, se existe unha venda posterior desa parcela pola mesma persoa será un delito, que alguén terá que perseguir, pero o Concello o que ten que facer é recuperar o dominio público e tomar as medidas para que iso non se estea privatizando.

Sr. Alcalde-Presidente: Estamos completamente de acordo, pero ese propietario do que fala hoxe, o propietario da parcela, é un terceiro totalmente diferente aos que actuaron antes, por iso hai que ir con tranquilidade para facer as cousas ben.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: Segue facendo obras agora mesmo.

Sr. Alcalde-Presidente: Tomamos como denuncia isto e actuaremos.

Sr. Fernández Comesaña: Hai que estar atentos, este era un tema cantado. Eu xa o puxen en coñecemento no seu día, porque xa se miraba, primeiro, a retirada dos setos, despois a cimentación xusto por onde estaban os setos, estivo aí días e días para quen quixo miralo. Eu non sei se vostedes andan polo municipio ou non andan. Naquel momento era cando tiñan que paralizar e precintar, non esperar a que terminaran as obras. Moito me temo que vai a terminar todo así e que non se vai facer nada. Oxalá me equivoque.

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.